


# 1 Obxectivos e escenarios da parte IV

- Nesta **parte IV** do curso comézase co uso do hipervisor Xen. Nesta parte veranse asuntos relacionados con:
  - ◆ Introdución ao hipervisor Xen e distintas implementacións que fan uso del.
  - ◆ Instalarase a solución de virtualización **XenServer** que é versión en código aberto, gratuíta e comercial de **Citrix**.
  - ◆ Xestionarase o servidor a través da **consola** e da interface gráfica **XenCenter**.
  - ◆ Instalarase MVs en XenServer, veranse os parámetros da mesma pero non se configurará até pasar á **parte V** do curso.
  - ◆ Nesta parte IV preténdese dar un coñecemento mínimo sobre o Hypervisor Xen e as distintas solucións que existen no mercado que fan uso del. Unha vez familiarizados coa instalación de XenServer e varias MVs será nas partes V e VI cando se afondará máis sobre as características e funcionalidades de XenServer.
  
- **Importante:** Nesta parte IV só se vai chegar até instalar as MVs en XenServer e non se vai facer nada máis con elas até pasar á **Parte V**.

## 1.1 O escenario básico

## Escenario 4.A: Configuración básica XenServer - XenCenter




- Componse de:
  - ◆ **1 servidor de Virtualización tipo I: Xenserver ou XCP** (Neste ocasión: XenServer)
    - ◇ RAM: 2/4 GB (Mín).
    - ◇ **Virtualización Hardware:** Habilitado.
  - ◆ **1 equipo desktop con Windows**
    - ◇ Instalado XenCenter para administrar o servidor XenServer / XCP .
    - ◇ RAM: 1 GB

Este escenario cubriría perfectamente a parte IV do curso, pero non parte da V nin da VI. Por tanto preséntase este segundo escenario que pode cubrir tódalas prácticas do curso.

### 1.1.1 Escenario completo

## Escenario 4.B: Configuración usando VirtualBox



- Componse de:

- ◆ 1 servidor de Virtualización tipo I: XenServer

- ◇ RAM: 2/4 GB (Mín).
- ◇ Virtualización Hardware: Habilitado.

- ◆ 1 equipo con VirtualBox instalado

- ◇ Pode ser Ubuntu ou Windows
- ◇ Instalado XenCenter para administrar o servidor XenServer (instalado nunha MV Windows se o host usa Linux).
- ◇ RAM: 4 GB (Con 2 GB poderíanse facer algunhas cousas en escenarios futuros, pero non todas)
- ◇ MV con XenServer instalada.

Este escenario vai permitir acometer a maior parte dos escenarios futuros do curso. Pois tamén se precisa FreeNas nas partes V e VI.

